

**Resolución pola que se substitúe o secretario da Comisión de selección da praza 18/1101**

A Resolución reitoral do 01.12.2023 dispuxo a execución da sentenza núm. 200/2020 ditada o 18.12.2020 polo Xulgado Contencioso Administrativo nº 4 da Coruña ao coñecer do procedemento abreviado 61/2020 seguido a instancia da Sra. Munín Sánchez sobre adxudicación da praza 18/1101.

En execución da precitada, a Resolución reitoral de 12.12.2023 substituíu ao anterior secretario (profesor José Ramón Ruiz García, xubilado) e nomeou ao Profesor Sanz Larruga como secretario da Comisión de selección da praza 18/1101 no entendemento de que era o catedrático de maior antigüidade e categoría no Departamento de Dereito Público.

O Sr. Vizcaíno Ramos presentou un recurso de reposición contra a antedita resolución por estimar que non concurrían no dito profesor tales circunstancias.

No informe emitido polo Servizo de PDI o 30.09.2024 recoñécese o erro na designación do profesor F.J. Sanz Larruga, xa que é o profesor José Manuel Sobrino Heredia o que ostenta maior categoría e antigüidade no Departamento (Artigo 6.5 da Normativa 30.04.2014).

Por resolución do 14.10.2024 estímase parcialmente o recurso de reposición interposto polo Sr. Vizcaíno Ramos e se retrotraen as actuacións “*a fin de que volva a constituírse a nova Comisión e realizar a partir dese momento as actuacións que procedan*”.

Na súa virtude, esta Vicerreitoría resolve

**Nomear** secretario da Comisión de selección da praza 18/1101 ao profesor José Manuel Sobrino Heredia, mantendo o nomeamento dos restantes integrantes do dito órgano tal e como recolle o punto 2º da Resolución do 12.12.2023.

**Notificar** esta resolución ás persoas integrantes da comisión de selección da praza 18/1101 para que tras constituírse realicen as actuacións que procedan.

**Publicar** esta Resolución no TEO

A Coruña, na data da sinatura electrónica

O reitor

P.D. A vicerreitora de Profesorado (R.R do 10.07.2024, artigo 11.1)

Teresa López Fernández

Código Seguro De Verificación	hBs6f3GHSKJXSGMYmPeepw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	23/10/2024 14:02:23
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/hBs6f3GHSKJXSGMYmPeepw==">https://sede.udc.gal/services/validation/hBs6f3GHSKJXSGMYmPeepw==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

